

# ESTUDO “PROTOCOLO DE DISOLUCION E LIQUIDACIÓN DUNHA COOPERATIVA”





# ESTUDO “PROTOCOLO DE DISOLUCION E LIQUIDACIÓN DUNHA COOPERATIVA

Xunta de Galicia



## **EQUIPO REALIZADOR**

### **DIRECCIÓN**

D. Higinio Mougán Bouzón

### **COORDINACIÓN**

D. Carlos Ares Fernández

### **EQUIPO TÉCNICO**

D. Miguel Sáenz de Viteri Fernández

D. Higinio Mougán Bouzón

D. Carlos Ares Fernández

### **Imprime**

Gráficas Garabal

### **Dep. Legal**

C 2113-2018

Coa colaboración institucional da

**Xunta de Galicia**

## Presentación

O presente informe enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Non é unha problemática menor para as cooperativas activas e, por tanto, para o movemento cooperativo en xeral e para a propia administración competente, todo o relacionado coas cooperativas con longo período de inactividade, ou mesmo en proceso de disolución e liquidación. Sempre preocupados por mellorar a imaxe do cooperativismo fronte aos seus socios e principais beneficiarios, moitas veces procedentes das clases sociais máis necesitadas, de cando en vez xorde no debate público a problemática do proceso de disolución e liquidación coma un freo forte a esta figura xurídica pola inseguridade e incerteza vinculados aos mesmos.

Sen lugar a dúbidas, os detractores das cooperativas atopan na disolución e liquidación unha mina de argumentos, mesmo de confusión xeral, para agravar ás cooperativas. Este freo, por ignorancia ou por experiencias negativas, convértese nun reto importante a superar no intre de proceder a difundir e promover o cooperativismo en Galicia. Parece que no intre en que unha sociedade cooperativa acadou o seu obxectivo, ou simplemente non resulta viable económica ou socialmente, o proceso de disolución e liquidación convértese nunha tarefa complexa, descoñecida, antisocial e conflitiva que da pábulo a argucias e amaños duns socios fronte a outros, ou pode ocorrer simplemente que os restos patrimoniais acaban sendo aproveitados por uns poucos

cando son de todos, ou por ninguén. Por iso, resulta de moito interese tódalas accións encamiñadas a esclarecer e axudar nestes procesos, deixando claro o protocolo legal para facelo e abordando as problemáticas que se detectan segundo as clases e experiencias liquidadoras.

O estudo que presentamos pretende dar a coñecer con amplitude de detalles a problemática da disolución e liquidación das cooperativas, coa finalidade de que se converta nun manual de acceso aos socios inmersos nesa situación, aos asesores con limitados coñecementos da lexislación cooperativa, e mesmo ás entidades do movemento cooperativo, sempre preocupadas pola boa imaxe do cooperativismo en Galicia.

Consideramos que o esforzo por mellorar a transparencia e a imaxe social dos procesos de longa inactividade das cooperativas, da disolución e liquidación das mesmas, non debe quedar neste estudo. Coa intervención do Consello Galego de Cooperativas e a propia consellería encargada da administración cooperativa, faise necesario un plan de traballo para disolver e liquidar os centos de cooperativas que levan anos á espera de realizar estas tarefas sociais.

Segundo se desprende do presente estudo, moi probablemente máis do 50% das cooperativas en proceso de liquidación veñen arrastradas de anos atrás, e o resto deriva da falta de adaptación de estatutos sociais, que pode ser un serio síntoma de inactividade. Por tanto, hai que impulsar a liquidación e depurar os censos públicos, procurando que os correspondentes remanentes económicos da liquidación vaian ao Consello Galego de Cooperativas, aínda que a simple depuración do censo de cooperativas xa sería un éxito en si mesmo, procedendo a liquidalas e extinguilas de xeito definitivo. Neste senso, é conveniente que os censos de cooperativas sexan o

máis reais posibles. Non podemos vivir nunha ficción permanente, cómpre evitar a confusión no intre de citar o número de cooperativas existentes en Galicia.

Hai tres clases de cooperativas onde o proceso de disolución e liquidación é máis que necesario: as cooperativas agrarias, as de traballo asociado e as de vivendas; incluso, como curiosidade engadida, o volume das cooperativas de mar. Neste senso, necesítase compromiso por parte de todos para abordar esta problemática cooperativa. Debe existir unha implicación das administracións, dotando a esta tarefa de disolución e liquidación cos orzamentos necesarios. Pero tamén é necesario o compromiso das entidades líderes do movemento cooperativo, do Consello Galego de Cooperativas e mesmo das autoridades locais onde se desenvolveron moitas destas entidades. Agardamos que este estudo axude a verter luces a todas as persoas preocupadas por esta problemática e por impulsar o cooperativismo en Galicia.





# ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>Estructura .....</b>	<b>9</b>
<b>1.1.</b>	<b>Da disolución.....</b>	<b>9</b>
<b>1.2.</b>	<b>Da liquidación .....</b>	<b>16</b>
<b>1.3.</b>	<b>Resumo do proceso de disolución e liquidación da sociedade cooperativa .....</b>	<b>26</b>
<b>1.4.</b>	<b>Particularidades en determinadas clases e grao de cooperativas.....</b>	<b>29</b>
<b>1.5.</b>	<b>Resumo doutros trámites que se deberán ter en conta por cesamento de actividade.....</b>	<b>33</b>
<b>1.6.</b>	<b>Cooperativas por clase que se atopan en liquidación: estado da situación e do proceso.....</b>	<b>34</b>
<b>1.7.</b>	<b>Problemática das disolucións e liquidacións das cooperativas .....</b>	<b>37</b>
<b>2.</b>	<b>Bibliografía .....</b>	<b>41</b>



# 1. Estructura

## Disolución e liquidación dunha cooperativa Obxectivos, metodoloxía e estrutura

A liquidación dunha Sociedade, cooperativa ou non, iníciase coa súa disolución.

### 1.1. Da disolución

#### ... Que é a disolución da sociedade?

A disolución é unha acto xurídico que supón unha modificación estrutural inmediata da Sociedade, que pretende finalmente o cesamento da actividade económica da empresa. O acordo é un acto previo á liquidación.

Aínda que o cesamento supón a suspensión de todas as actividades empresariais, é dicir, a entidade segue existindo pero nun estado de “inactividade”, neste caso a disolución, liquidación mediante, condúcenos á extinción, o que implica o fin de actividades con motivo da súa disolución e a perda da personalidade xurídica da sociedade, que é o suposto que estamos a tratar

É dicir, a situación non pode ser senón temporal, posto que o obxectivo da adopción dun acordo de disolución é conducir á Cooperativa á súa liquidación, situación duradeira no tempo, e, finalmente, á súa extinción.

A disolución sitúa á Sociedade en estado de Liquidación.

## ... Cales son as causas de disolución?

As establecidas no artigo 86 da Lei de Cooperativas de Galicia, e son as seguintes:

**a)** Por acordo da asemblea xeral, adoptado pola maioría de dous terzos dos votos presentes e representados.

A Cooperativa, do mesmo xeito que as sociedades de capital, pode disolverse no uso da súa autonomía e liberdade sen limitación nin impedimento se o órgano supremo da súa vontade social, é dicir a Asemblea Xeral, coa maioría cualificada descrita, así o acorda e determina.

É dicir, neste suposto non necesita de ningunha outra causa máis que a mera vontade da sociedade para decidir sobre a disolución da mesma, sen ter porque valorar outros intereses que puidesen concorrer, mediante o acordo da súa Asemblea por unha maioría reforzada, cumprindo, naturalmente, cos requisitos esixidos tanto legal como estatutariamente para a válida convocatoria, celebración e adopción de acordos

Calquera acordo ou precepto estatutario que pretendese prohibir esta posibilidade resultaría nulo.

**b)** Por cumprimento do termo fixado nos estatutos, salvo acordo expreso en contrario da asemblea xeral, adoptado coa maioría establecida na letra anterior, que se elevará a escritura pública e se inscribirá no Rexistro de Cooperativas.

Podemos observar que se tratase dunha disolución establecida estatutariamente e que o transcurso do prazo de duración opera de pleno dereito entrando en liquidación, pero, precisamente polo mesmo criterio apuntado anteriormente, a propia Asemblea Xeral no uso da súa soberanía e autonomía pode acordar a continuidade da Sociedade e da empresa cunha maioría reforzada.

Consideramos que o acordo de continuidade pode adoptarse tanto antes como despois de cumprimento do termo estatutario, debido a que, en definitiva, toda cooperativa, salvo as da clase que falaremos máis adiante, pode reactivarse aínda que estea en liquidación a condición de que non comezase o reembolso das achegas aos socios.

Obviamente, en todos os supostos queda a salvo a posibilidade de impugnación do acordo social adoptado.

Aínda que profundaremos niso, un suposto nítido no que concorre a circunstancia de cumprimento do termo estatutario, por imperativo legal, son as cooperativas de vivendas. Neste caso, a Asemblea está incapacitada para a adopción dun acordo que supoña dotarlle á sociedade unha duración indefinida

c) Por finalización e cumprimento da actividade empresarial, social ou económica que constituía o seu obxecto social, ou pola imposibilidade notoria e manifesta do seu cumprimento; ou pola paralización dos seus órganos sociais durante un ano, ou da actividade cooperativizada durante dous anos, de tal modo que imposibilite o seu funcionamento.

Observamos que este apartado agrupa diferentes causas de disolución, coa finalidade de outorgarlles, entendemos, un tronco común, aínda que a coincidencia pode deberse a moi diversos e casuísticos motivos, que consideramos que deberán estar ben fundados e fundamentados e ser de natureza duradeira.

Sobre esta causa legal sinalar que, como quedou dito, hai cooperativas cuxa finalización vai implícita na súa actividade e pertenza a unha clase determinada, como son as de vivendas, salvo que a sociedade reteña a propiedade das vivendas e locais.

En canto ao resto de supostos, móstrannos situacións de inactividade da súa actividade cooperativizada ou o seu fin social, ou de paralización da súa vida orgánica.

**d)** Pola redución do capital social mínimo estatutario ou do número de socios necesarios para constituír a cooperativa da clase e grao de que se trate, sen que se restableza no prazo de seis meses.

En caso da redución do capital social mínimo estatutario, poderá evitarse a causa de disolución, procedéndose á redución do capital social, por acordo da asemblea xeral adoptado pola maioría de dous terzos dos votos presentes e representados, a condición de que o resultante non sexa inferior ao mínimo legal.

Obviamente, non pode existir unha cooperativa formada por unha soa persoa, posto que a propia natureza da Cooperativa como organización supón unha colectividade de persoas colaborando nunha conxunción de intereses e necesidades.

Sobre a redución do capital social por baixo do mínimo estatutario, resulta un suposto lóxico, aínda que se establece o mecanismo para resolver esta situación e eludir a causa de disolución.

**e)** Por quebra da sociedade, cando como resultado da interposición e resolución do devandito proceso concursal proceda a súa disolución.

Salvando a terminoloxía, que é un pouco anacrónica, resulta natural este suposto de disolución, e consideramos que non require un expreso acordo social.

**f)** Pola fusión ou escisión da sociedade cooperativa.

Neste caso, como sabemos, a cooperativa ou cooperativas que se disolvan por estas causas non entran en liquidación.

g) Por calquera outra causa establecida na presente Lei ou nos estatutos.

A condición de que non contraveñan a Lei, os Estatutos sociais da Cooperativa poderán establecer outras causas de disolución non contempladas na norma. Agora ben, habería de analizarse previa e cautelosamente a conveniencia de incorporar doutros supostos.

Hai outras causas; pensemos, por exemplo, naquelas cooperativas que non adaptaron os seus Estatutos Sociais á Lei 5/98, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, dentro dos prazos establecidos no calendario establecido para ese efecto na disposición transitoria primeira do Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.

### ... **Que eficacia teñen estas causas de disolución e cales son as formalidades para ter en conta?**

#### **Eficacia**

Salvando os supostos de transcurso do prazo de duración, acordo da Asemblea por maioría de dous terzos, ou fusión ou escisión, cando concorrese calquera outra causa de disolución, o órgano de administración (Consello Reitor ou Administrador Único) deberá de convocar no prazo dun mes unha asemblea xeral para que adopte o acordo de disolución.

O órgano de intervención, se existir, ou calquera cooperativista poderán requirir ao órgano de administración para que proceda á convocatoria.

Nestes supostos, o acordo de disolución será adoptado pola asemblea xeral por máis da metade dos votos validamente expresados.

A razón de que a maioría esixible sexa inferior ao caso dunha disolución acordada no exercicio libre da vontade dos socios en Asemblea Xeral é que, neste caso, á Cooperativa a causa de disolución “vénlle dada”, e só debe referendala.

Se a asemblea xeral non puidese alcanzar o acordo de disolución, o órgano de administración e o de intervención, se existir, deberán, e calquera cooperativista poderá, instar do xulgado competente do domicilio social da cooperativa a disolución xudicial da cooperativa. A estes efectos, está lexitimado o Consello Galego de Cooperativas.

## **Formalidades**

Para que sexa eficaz o acordo de disolución, deberemos cumprir as seguintes formalidades:

O acordo de disolución haberá de formalizarse en escritura pública e inscribírase no rexistro de cooperativas competente, publicándose no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa.

Desde a adopción do acordo de disolución, a sociedade disolta conservará a súa personalidade xurídica en tanto non se realice a liquidación, debendo engadir á súa denominación os termos «en liquidación»

Cumprimentadas as formalidades legais sobre disolución da sociedade, abrírase o período de liquidación, salvo nos supostos de fusión e escisión, como xa quedou dito.



## ●●● **Acordada a disolución, pode reactivarse a cooperativa?**

Acordada pola Asemblea Xeral da Cooperativa a disolución, escriturado, publicade e inscrito o acordo, por tanto estando en período de liquidación, pode aínda reactivarse.

Como dispón a norma, a cooperativa disolta poderá ser reactivada cando se elimine a causa que motivou a disolución e non comezase, como é natural, o reembolso das achegas aos socios; é dicir, que non se chegou ata ese extremo no proceso de liquidación da Sociedade.

En canto ás formalidades que se esixen son as seguintes:

- A reactivación require acordo da asemblea xeral.
- Adoptado por maioría de dous terzos dos votos presentes e representados.
- Deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social da cooperativa.
- O devandito acordo elevarase a escritura pública e inscribírase no Rexistro de Cooperativas, momento no que adquirirá eficacia.

En caso de quebra, a reactivación só poderá ser acordada se a cooperativa chega a un convenio cos seus acredores.

Cando se di quebra, debe entenderse concurso de acredores.

Obviamente, o convenio debe articularse ao obxecto de proseguir coa actividade da sociedade; é dicir, como causa da súa reactivación.

## 1.2. Da liquidación

Como se sinalou anteriormente, cumprimentadas as formalidades legais sobre disolución da sociedade, abrírase o período de liquidación, salvo nos supostos de fusión e escisión.

### ... Que é a liquidación?

A lei non a conceptúa, pero das normas aplicables a ela pódese concluír que, unha vez acordada a disolución da cooperativa, iníciase o proceso encamiñado a realizar as operacións para a liquidación da empresa, mediante o cobro dos créditos pendentes, o pago das débedas sociais, o reembolso das achegas aos socios e a posta a disposición do Consello Galego de Cooperativas dos importes tanto do Fondo de Formación e promoción Cooperativa como do sobrante, se o houber, do Fondo de Reserva Obrigatorio e do haber líquido resultante unha vez realizadas as operacións anteriores.

En canto ás cooperativas de segundo grao, o réxime é diferente, debido a que como dispón a Lei galega para estas, os fondos obrigatorios transferíranse ao fondo da mesma natureza de cada unha das sociedades que a constitúen, distribuíndose o resto do haber líquido resultante entre as persoas socias na forma que a propia norma establece.

### ... Como se inicia o proceso de liquidación, e cales son os primeiros pasos? Quen liquida?

Pois ben, debemos ter presente que a liquidación é un proceso que se estende no tempo e que segue unha serie de fases sucesivas, ata a súa finalización.

Como primeiro paso, podemos significar, seguindo a Lei,

#### ***α) Nomeamento de liquidadores:***

Salvo disposición en contra dos estatutos sociais ou por acordo en contrario da asemblea xeral da cooperativa, as funcións do órgano de liquidación serán asumidas polo órgano de administración, é dicir, polo Consello Reitor (ou, se fose o caso, administrador único).

En caso contrario, designarase pola Asemblea Xeral de entre as persoas socias da cooperativa ao órgano de liquidación, en número impar, procurando unha representación equilibrada de mulleres e homes na súa composición.

Aínda que, do mesmo xeito que ocorre cos membros do Consello Reitor, os liquidadores o son desde o mesmo momento da aceptación do cargo, este debe ser inscrito no Rexistro de Cooperativas para a súa eficacia fronte a terceiros.

### ***b) Intervención do Consello Galego de Cooperativas.***

Para o suposto de que o órgano de administración non asumise dita función, e transcorridos dous meses desde a disolución sen que se teña efectuado o nomeamento de órgano de liquidación, ou non producida a aceptación do cargo, o órgano de administración e, no seu caso, o órgano de intervención deberán, e calquera persoa socia poderá, solicitar do Consello Galego de Cooperativas o nomeamento de liquidadores ou liquidadoras, o cal poderá recaer en persoas non socias da cooperativa. Transcorrido devandito prazo, o propio Consello poderá efectuar o nomeamento de oficio.

En definitiva, se non fose o Consello Reitor o que asuma a función, é imperativo o nomeamento de liquidadores en caso de disolución e débeo facer a Asemblea Xeral da cooperativa, pero, se esta non o fai, farao o Consello Galego de Cooperativas

### ***c) Transmisión de funcións***

Salvo que fose o propio Consello Reitor da cooperativa o que asumise a función do órgano de liquidación, continuará nas súas funcións de representación e xestión.

Cesará nas súas funcións unha vez producido o nomeamento e aceptación do cargo por parte dos liquidadores elixidos polas Asemblea, e se teñan efectuado as oportunas inscricións rexistras, aínda que deberá colaborar con estes en todo o que lle fose requirido por estes para a práctica das operacións de liquidación

O órgano de liquidación subscribirá cos administradores ou administradoras un inventario e balance da cooperativa, con referencia ao día en que se iniciase a liquidación e con carácter previo a desenvolver as súas funcións.

En todo caso, con independencia de quen asuma a liquidación, haberá que elaborar o inventario e balance da cooperativa con referencia ao día en que se iniciase a liquidación.

É dicir, a subscripción ou elaboración dese inventario e balance da cooperativa, parece ser o momento formal no cal se transmiten as funcións aos liquidadores e empeza o desenvolvemento do mandato.

Durante o proceso de realización das operacións tendentes á súa liquidación, a cooperativa mantén a personalidade xurídica e a s obrigas formais de toda sociedade; por tanto, durante ese período, observaranse as normas legais e estatutarias aplicables sobre o réxime das asembleas xerais.

Estas serán convocadas polos liquidadores ou liquidadoras, que as presidirán e daranlles conta da marcha da liquidación e adóptense os acordos da súa competencia que procedan.

Por último, sinalar que os liquidadores responderán nos mesmos termos establecidos para o órgano de administración.

## ... Cales son as funcións dos liquidadores?

1. Do mesmo xeito que o Consello Reitor ao que substitúe, o órgano de liquidación estará facultado para realizar cantas operacións fosen necesarias para a liquidación, para o que ostentará a representación da

cooperativa en xuízo e fóra del, obrigando á sociedade fronte a terceiras persoas nos mesmos termos que aqueles.

Funcións:

a) Levar e custodiar os libros e a correspondencia da cooperativa e velar pola integridade do seu patrimonio.

Ata a finalización do proceso de liquidación, as obrigacións formais da Cooperativa permanecen, debido a que non desapareceu do tráfico mercantil e mantén a súa personalidade xurídica, e é responsabilidade dos liquidadores o seu control e cumprimento como administradores e custodios da sociedade e do seu patrimonio.

b) Realizar as operacións pendentes e as novas que fosen necesarias ou convenientes para a liquidación da cooperativa.

A Sociedade non se extinguiu, aínda que é o destino último do proceso, razón pola cal esta resulta unha función natural dos liquidadores como xestores da sociedade, coa finalidade de favorecer e facilitar na medida do posible a liquidación.

c) Allear os bens sociais coa modalidade que acordase a asemblea xeral.

Como podemos observar, existe a limitación para os liquidadores de que a modalidade de alleamento debe ser acordada pola Asemblea Xeral, cuxo acordo será vinculante. En calquera caso é normal contar coa función de alleamento

de bens, se se pensa que haberá que converter os activos non monetarios, ao obxecto de atender os pagos que hai que realizar, tanto aos acreedores e aos socios, como ao Consello Galego de cooperativas etc.

**d)** Reclamar e percibir os créditos pendentes, sexan contra terceiras persoas ou contra as persoas socias, e pagar as débedas sociais.

Este apartado forma parte das operacións de xestión ordinarias da liquidación, contando para iso coas máis amplas facultades para ser exercitadas tanto por vía extraxudicial como xudicial.

**e)** Concertar transaccións e compromisos cando así conviñese aos intereses sociais.

O límite en calquera operación desta natureza está en que debe ser conveniente para o interese social, termo un tanto discrecional ou interpretativo. É unha ampla facultade, pero tamén unha gran responsabilidade.

**f)** Pagar aos acreedores e acreedoras e ás persoas socias e transferir o remanente da cooperativa ao Consello Galego de Cooperativas.

Como xa quedou dito antes, na liquidación dunha cooperativa, isto forma parte das operacións ordinarias e das legalmente imperativas.

**2.-** Os acordos do órgano de liquidación recolleranse no libro de actas dos administradores; é dicir, non hai obriga dun específico para iso. Puede existir un só liquidador, pero cuando estes fosen varios, actuarán de forma colexiada. O que se esixe, como foi sinalado, é que o número sexa impar.

### ... **Pode ser intervida a liquidación se foron nomeados liquidadores?**

Pois o certo é que si, e que a Lei contempla esta situación e as súas condicións e características

O 20% dos votos sociais poderá solicitar do xuíz de primeira instancia do domicilio social da cooperativa a designación de interventores que fiscalicen as operacións da liquidación.

Por outra banda, cando a importancia da liquidación o xustifique, o Consello Galego de Cooperativas poderá, de oficio ou a instancia de parte interesada, designar a unha ou varias persoas que se encarguen de intervir a liquidación e de velar polo cumprimento das leis e os estatutos.

Subliñemos que non terán validez os actos dos liquidadores efectuados sen a aprobación destes interventores.

### ... **Cando finalizan as súas funcións?**

Os liquidadores finalizan as súas funcións:

- a) Unha vez realizada a liquidación
- b) Por revogación acordada en asemblea xeral.
- c) Por decisión xudicial

### ... **Como se adxudica o haber social?**

1. Debe destacarse que o procedemento de adxudicación nunha cooperativa en liquidación difire do concernente a sociedades doutra natureza e tipoloxía, facéndoo notablemente singular.

Pensemos que existe un elemento patrimonial na cooperativa que é absolutamente indispoñible na vida activa da cooperativa por imperativo legal, salvo se é aplicado aos fins fixados pola propia norma, e que ten un único destinatario en caso de liquidación, sen que poida ser utilizado ou aplicado a ningún outro concepto ou finalidade dentro das operacións de adxudicación do haber social. Nin sequera á satisfacción das débedas sociais da Entidade, debido a que para iso xa están destinados outros fondos e o resto do patrimonio social. Non entra na repartición.

Ademais, os acredores da sociedade cooperativa nin teñen nin poden chegar a ter dereito algún, en momento algún, sobre este Fondo que, en todo caso, resulta inembargable, e, para os socios, resulta irrepertible.

Falamos do Fondo de Formación e Promoción Cooperativa e do destinatario do devandito Fondo en caso de disolución e liquidación da Sociedade, que é o Consello Galego de Cooperativas.

Outro elemento diferenciador do resto de sociedades é que, realizadas e finalizadas as operacións de liquidación e adxudicado o haber social nos termos establecidos na Lei galega de cooperativas, o haber líquido resultante —obviamente se o houber e, como no suposto do Fondo de Formación, igualmente por imperativo legal— tamén ten un destinatario e receptor único, resultando o mesmo que no caso anterior: o Consello Galego de Cooperativas, que o destinará, á súa vez, aos seus propios fins, reproducidos na súa propia regulación.

Se existise sobranse do fondo de reserva obrigatorio, unha vez abonadas, consignadas ou garantidas as débedas sociais, tamén o seu remanente irá ao Consello Galego de Cooperativas, e haberá que considerar, aínda que a Lei non se pronuncie respecto diso pero por analoxía e coherencia, que a mesma finalidade e destino haberá que dar ao sobranse dos fondos de reserva voluntarios de libre disposición pero de carácter irrepertible, por acordo adoptado no seu día pola Asemblea Xeral ou por disposición estatutaria, ou a de calquera outro fondo da mesma natureza, se existir.



Non son os únicos elementos que fan da liquidación da Cooperativa un sistema diferente; existen outros, pero non tan característicos e notables.

**2.** Pois ben, dito o anterior, a Lei dispón que non poderá adxudicarse nin repartirse o haber social ata que se tivesen satisfeito integramente as débedas sociais, procedido á súa consignación ou asegurado o pago dos créditos non vencidos e, en todo caso, ata que os acordos adquirisen carácter de firmeza.

Unha vez satisfeitas ditas débedas, o remanente do haber social adxudicarase pola seguinte orde:

**a)** O Fondo de Formación e Promoción Cooperativa poñerase a disposición do Consello Galego de Cooperativas.

**b)** Reintegrarase ás persoas socias o importe das achegas que efectuasen ao capital social, unha vez abonados ou deducidos os beneficios ou perdas correspondentes a exercicios anteriores, polo valor nominal das mesmas segundo conste no balance pechado da cooperativa no exercicio en que se iniciase a liquidación, comezando polas achegas das persoas socias colaboradoras e as achegas voluntarias e seguindo coas obrigatorias.

Chegados a este momento do proceso, sinalar que en tanto non se reembolsasen as achegas cuxo reembolso en caso de baixa puidese ser rexeitado incondicionalmente polo órgano de administración (artigo 58.1. b), os titulares que causasen baixa e solicitasen o reembolso participarán na adxudicación do haber social unha vez satisfeito o importe do Fondo de Educación e Promoción e antes do reintegro das restantes achegas ás persoas socias.

**c)** Reintegrarase ás persoas socias a súa participación nos fondos voluntarios de libre disposición que tivesen carácter repartible por disposición estatutaria ou por acordo da asemblea xeral, nos termos establecidos polos mesmos.

d) Se o houbese, o sobranse tanto do Fondo de Reserva Obrigatorio como do haber líquido da cooperativa ponérase a disposición do Consello Galego de Cooperativas, salvo o disposto para as cooperativas de segundo grao.

### ... Existe un límite temporal para liquidar a cooperativa?

O proceso de liquidación non poderá exceder os tres anos, a contar a partir da inscrición rexistral do acordo de disolución, que poderá ser prorrogado a solicitude do órgano de liquidación ante a Consellería competente en materia de traballo, que decidirá previa audiencia do Consello Galego de Cooperativas.

Transcorrido devandito prazo e sen instarse a prórroga, o Consello Galego de Cooperativas intervirá a liquidación adoptando as medidas necesarias ao obxecto de finalizala e proceder á adxudicación do haber social.

### ... Que é o balance final de liquidación?

En resumo, o balance final de liquidación é aquel que presentan os liquidadores á Asemblea Xeral unha vez finalizadas todas as operacións de liquidación para a súa aprobación.

Dispón a Lei que:

1. Finalizadas as operacións de extinción do pasivo social, o órgano de liquidación formará o balance final, que reflectirá con exactitude e claridade o estado patrimonial da sociedade e o proxecto de distribución do activo.
2. O balance final e o proxecto de distribución do activo serán censurados, no seu caso, polo órgano de intervención da cooperativa ou auditores ou auditoras externos e, cando cumpra, polo órgano de intervención ao que nos referimos antes, someténdose para a súa aprobación á asemblea xeral.

Os mencionados acordos publicaranse no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social da cooperativa.

**3.** Os acordos a que se refire o número anterior poderán impugnarse durante o prazo de dous meses desde a data de publicación do último dos anuncios pola persoa socia que se sentise agraviada ou polos acredores ou acreedoras que non tivesen satisfeitos ou garantidos os seus créditos, así como polo Consello Galego de Cooperativas, tramitándose a impugnación con arranxo ás regras establecidas para a impugnación de acordos da asemblea xeral.

**4.** Se fose imposible a celebración da asemblea xeral, os liquidadores ou liquidadoras publicarán o balance final e o proxecto de distribución do activo, unha vez censurados, no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social da cooperativa.

Transcorridos dous meses desde as devanditas publicacións sen que fosen impugnadas polas persoas e polo procedemento a que se refire o número 3 deste artigo, entenderanse aprobados definitivamente.

**5.** Concluído o termo para a impugnación sen formularse reclamacións, ou sendo firmes as sentenzas que as resolveran, procederase á correspondente distribución do activo da sociedade.

As cantidades non reclamadas ou transferidas no prazo dos tres meses seguintes á data en que se iniciase o pago consignaranse en depósito no Banco de España ou na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma, a disposición dos seus lexítimos donos

### ... **Como finaliza a liquidación?**

O proceso de liquidación, unha vez cumpridos todos os trámites, finaliza co acto da extinción, momento no cal os liquidadores outorgarán a correspondente escritura pública de extinción, que deberá conter a aprobación do balance final

de liquidación e as súas operacións, e inscribírase no Rexistro de Cooperativas de Galicia, solicitando deste a cancelación de todos os asentos relativos á cooperativa. No devandito Rexistro depositanse os libros e documentos relativos á cooperativa, que se conservarán durante un período de seis anos.

Haberá que considerar que a partir do depósito, o Rexistro de Cooperativas deberá cumprir coas funcións de conservación da documentación social da sociedade extinguida.

## **1.3. Resumo do proceso de disolución e liquidación da sociedade cooperativa**

### **•• Disolución, liquidación e extinción**

A disolución é un acto único que se esgota en si mesmo. Decidida a disolución, iníciase realmente o proceso que levará á Sociedade á súa desaparición xurídica de forma definitiva e plena, eliminándose todos os asentos no Rexistro de Cooperativas competente, é dicir: finalizando a súa vida rexistral e societaria, e perdendo a súa personalidade xurídica para todo acto.

Iniciado o proceso co acordo de disolución adoptado en Asemblea Xeral, comeza o período coa apertura da liquidación.

Na mesma, trátase de realizar as correspondentes operacións de determinación dos créditos da sociedade e contra a sociedade e da súa satisfacción na medida do posible; tamén, se existe un remanente, realizarase a súa distribución entre os socios e determinarase o destino legal do que resulte pertinente.

Por fin, a extinción ,cando a liquidación chegase a termo, é a finalización da vida societaria coa cancelación de todos os asentos rexistrais da sociedade.

## ... O acordo

O acordo de disolución inicia o proceso que finalizará coa extinción da Sociedade Cooperativa.

O acordo deberase adoptar pola Asemblea Xeral e por unha maioría reforzada de dous terzos dos votos presentes e representados, fóra dos supostos de disolución por causas non voluntarias.

O acordo de disolución haberá de formalizarse en escritura pública e inscribírase no Rexistro de Cooperativas pertinente, previa publicación no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da Provincia do domicilio social da Cooperativa.

Cumpridas as formalidades legais referidas á disolución, ábrese o período de liquidación e, desde a adopción do acordo da Asemblea Xeral, a sociedade disolta conservará a súa personalidade xurídica en tanto non se realice a liquidación, debendo engadir á súa denominación os termos “en liquidación”.

## ... O proceso

# Aberto o proceso de liquidación, a Asemblea Xeral deberá elixir en consonancia co disposto nos Estatutos Sociais da Cooperativa e mediante votación secreta, os liquidadores ou órgano de liquidación en número impar.

O nomeamento de liquidadores debe inscribirse no Rexistro ao obxecto da súa eficacia fronte a terceiros, e debe constar a súa aceptación por parte dos elixidos.

A partir da aceptación do cargo, serán os liquidadores quen convoquen e presidan as Asembleas Xerais.

# Elixidos os liquidadores e inscritos no Rexistro, estes substitúen ao Consello Reitor, transmitíndose integramente as súas funcións.

Igualmente deberá formalizarse un inventario e balance con referencia ao día en que se inicie a liquidación, que será subscrito tanto polos liquidadores como polo Consello Reitor, momento no cal se inician de facto a liquidación e o exercicio das funcións inherentes ao cargo.

Se é o Consello quen asume as funcións de liquidación, tamén deberán elaborarse o inventario e balance sinalados.

# Para o desenvolvemento das súas función, o órgano de liquidación está facultado para realizar todas as operacións necesarias para a liquidación, nos mesmos termos que as facultades que ostentaba o Consello Reitor.

Deberán reflectir os seus acordos no correspondente libro de actas.

# Os liquidadores deberán proceder á adxudicación do haber social, que non poderá realizarse ata que se teñan satisfeito integramente as débedas sociais.

# O prazo para o proceso de liquidación non poderá exceder os 3 anos, que poderá ser prorrogado.

# Finalizadas as operacións de extinción do pasivo social, os liquidadores formalizarán o balance final e o proxecto de distribución do activo, que deberán ser censurados polos Interventores, no presente caso, que deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral, e publicarse o acordo no DOG e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social.

# Existe o prazo de dous meses para impugnar este acordo, contados desde a publicación última do mesmo.

# Se non existiren impugnacións ou reclamacións no mencionado prazo de dous meses, procederase á distribución do activo

### ... A extinción

Finalizada a liquidación, outorgarase polos liquidadores a correspondente escritura pública de extinción e inscribírase no Rexistro de Cooperativas competente, solicitando a cancelación de todos os asentos da Sociedade Cooperativa e depositando no Rexistro os libros e documentos relativos á mesma.

### ... Esquema do proceso

1. Asemblea Xeral de acordo de disolución e nomeamento de liquidadores (previa elaboración de balance e inventario).
2. Publicación dos acordo en DOG e prensa.
3. Escritura pública dos devanditos acordos.
4. Inscripción dos mesmo no Rexistro de Cooperativas.
5. Operacións Adxudicación do haber social. Extinción do pasivo social.
6. Asemblea Xeral de aprobación do Balance final da liquidación e da proposta de distribución do activo, previamente censurados polos Interventores.
7. Publicación en DOG e prensa
8. Espera de dous meses para posibles impugnacións.
9. Distribución do activo da sociedade.
10. Escritura pública de extinción da Sociedade.
11. Inscripción en Rexistro e depósito documentación da Sociedade.

## 1.4. Particularidades en determinadas clases e grao de cooperativas

Na temática que estamos a tratar sobre disolución e liquidación de cooperativas, cremos que debemos facer un inciso, ben pola súa clase ou ben polo seu grao

ou tipo, sobre determinadas cooperativas, das cales merece a pena facer unha especial referencia ben polas súas diferenzas co procedemento xeral, ben pola especialidade da súa actividade, que determina a súa localización nunha determinada clase e singularidades na súa disolución.

### ... Cooperativas de segundo grao

Como coñecemos, as Cooperativas de segundo grao resultan unha fórmula societaria de integración entre cooperativas de primeiro grao, que son os seus socios, cunha finalidade económica determinada. É unha cooperativa de cooperativas, razón pola cal ao estar conformada societariamente por persoas xurídicas a súa disolución e liquidación non poden ser senón diferentes.

a) No suposto dunha disolución ordinaria, por extinción da personalidade xurídica da cooperativa, a súa liquidación resulta diferente á que tratamos para as cooperativas de primeiro grao.

En caso de disolución e liquidación dunha cooperativa de segundo grao, os fondos obrigatorios transferiranse ao fondo da mesma natureza de cada unha das sociedades que a constitúen, distribuíndose o resto do haber líquido resultante entre as persoas socias, todo iso en proporción ao importe do retorno percibido no últimos cinco anos ou, na súa falta, desde a súa constitución. No caso de que non se percibiron retornos, distribuirase en proporción ao volume de actividade cooperativizada desenvolvida por cada persoa socia coa cooperativa ou, na súa falta, ao número de persoas socias de cada entidade agrupada na cooperativa.

Os retornos que percibisen as cooperativas socias das de segundo grao, así como os intereses devengados polas súas achegas ao capital social, non terán o carácter de beneficios extracooperativos.

Resulta lóxico que o patrimonio xerado polo compromiso e actividade das cooperativas de primeiro grao socias reverta nas mesmas en caso de disolución e liquidación, sen limitacións ou restricións.



Á fin e ao cabo, os fondos irrepartibles destínanse aos da mesma natureza das súas cooperativas socias, e o haber líquido distribúese igualmente entre as mesmas, que o destinarán para o cumprimento e desenvolvemento do seu obxecto social de natureza cooperativa

**b)** Diferente é o suposto de transformación da cooperativa de segundo grao nunha de primeiro, un proceso no cal as cooperativas de primeiro grao que forman parte da mesma se disuelven sen liquidarse. Isto sucede no suposto previsto legalmente en que a cooperativa de segundo grao se transforma nunha de primeiro, mediante a absorción das cooperativas socias que a compoñen. É dicir, atopámonos cun fenómeno que se produce simultaneamente: unha transformación e, como consecuencia directa da mesma, unha fusión por absorción.

As cooperativas primarias quedarían extinguidas, pasando a ser os seus socios de base socios da cooperativa absorbente, anteriormente de segundo grao.

Trátase, en definitiva, dun singular e complexo suposto de modificación estrutural cooperativa. Non nos achamos ante unha fusión ordinaria, senón que se configura un híbrido procedemento que implica, simultaneamente, a transformación ou conversión da cooperativa de segundo grao en cooperativa de primeiro grao, sen previa disolución e sen creación dunha persoa xurídica nova, e a fusión por absorción das cooperativas que a compoñen, que se disolven pero non se liquidan, pasando os seus patrimonios, os seus dereitos e as súas obrigacións, con carácter universal, á de segundo grao.

Polo demais, o proceso é similar á dunha fusión por absorción, coas súas particularidades.

Obviamente, existe a posibilidade legal de exercicio do dereito de separación para os socios desconformes co acordo.

## ... Cooperativa de vivendas

A diferenza do resto de clases de cooperativas, ademais das causas xerais de disolución contempladas para toda clase de cooperativas e que comentamos anteriormente, as de vivendas ademais e por imperativo legal, deben disolverse transcorrido o prazo establecido na propia norma; así, dispón o artigo 120 da Lei de Cooperativas de Galicia que a cooperativa se constituirá por tempo determinado fixado estatutariamente, debendo disolverse por cumprimento do seu obxecto social finalizada a execución da promoción e entrega de vivendas e locais e, en todo caso, aos seis anos desde a data de outorgamento da licenza municipal de primeira ocupación, salvo que a cooperativa retivese a propiedade ou que a normativa específica de aplicación establecese un prazo superior.

É dicir, neste suposto, a Asemblea Xeral limitarase á constatación dunha disolución disposta na Lei e a continuar e acordar sobre os trámites sucesivos.

O certo é que resulta moi recomendable que aquelas cooperativas de vivendas que finalizaron a súa promoción, adxudicadas as vivendas e constituídas as comunidades de propietarios nese peculiar “traspaso de poderes”, procedan á súa disolución e liquidación.

O certo é que, aínda non constituída con ese propósito e mesmo por esixencia urbanísticas, en múltiples ocasións, unha promoción de cooperativa de vivendas debe construír locais de negocio nas súas edificacións. Os locais que financiaron como as vivendas, é dicir, con financiamento alleo, en moitos supostos resulta complexo ou difícil o seu alleamento; tamén supón un custo engadido para os cooperativistas, mesmo xa constituídos como comunidade de propietarios, e dificulta a súa liquidación.

Nunha cooperativa de vivendas, polas súas particularidades e riqueza de supostos, a casuística de problemas nun proceso de liquidación é certamente rica. Nesta clase de cooperativas si que sería recomendable un estudo

monográfico en profundidade e procurar buscar solucións a estas complexas situación.

## **1.5. Resumo doutros trámites que se deberán ter en conta por cesamento de actividade**

### **... Trámites laborais**

Extinción dos contratos de traballo. Inspección de Traballo e Seguridade Social E Servizo Público de Emprego Estatal.

Baixa dos traballadores contratados. Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social da provincia na que se practicou a inscrición dos traballadores.

Baixa da conta de cotización. Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social da provincia na que se practicou a inscrición dos traballadores.

No seu caso, baixa do Réxime Especial de Autónomos na Dirección Provincial da TGSS.

Obrigatorio Comunicación do peche do Centro de traballo ante a unidade correspondente da Comunidade Autónoma.

### **... Trámites fiscais**

Baixa do Censo de Empresarios e Profesionais na Axencia Tributaria (AEAT).

Baixa no Imposto de Actividades Económicas ante a Axencia Tributaria (AEAT) ou entidade local nos casos en que estea delegada a xestión censal.

## ... Outros rexistros

Comunicación de cesamento/extinción noutros organismos oficiais e/ou rexistros, segundo a actividade desenvolvida, ante Autoridades e/ou rexistros sectoriais estatais, autonómicos e municipais etc.

### **1.6. Cooperativas por clase que se atopan en liquidación: estado da situación e do proceso.**

En canto aos datos actuais achegados polo Rexistro de Cooperativas de Galicia, temos:

	COOPERATIVAS EN LIQUIDACIÓN	POR NON ADAPTACIÓN A LEI 5/1998	CON LIQUIDADORES NOMEADOS	CON LIQUIDADORES NOMEADOS E DISOLTAS POR NON ADAPTACIÓN
AGRARIA	753	697	14	3
EDUCACIONAL	6	6	-	-
TRANSPORTISTAS	31	26	3	-
TRABALLO ASOCIADO	918	733	85	
SEGUNDO GRAO	7	6	-	-
VIVENDAS	470	403	29	6
CONSUMIDORES E USUARIOS	76	70	2	
EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA	61	53	5	2
SERVIZOS SOCIAIS	3		2	-
MAR	186	184	2	-
ENSINANZA	14	12	-	-
SERVIZOS	40	33	3	-
(SEN CLASE)	6	4	1	-
<b>TOTAL</b>	<b>2571</b>	<b>2227</b>	<b>146</b>	<b>11</b>

Podemos observar no gráfico anterior que existe un alto número de cooperativas en estado de liquidación, nada menos que 2571 das diferentes clases de cooperativas, das que destacamos con notable diferenza con respecto ás demais, as cooperativas de traballo asociado, as agrarias e as de vivendas; a distancia, atopámonos coaS do mar e outras.

Da totalidade das cooperativas inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia como cooperativas en liquidación, nada menos que case un 87% estano por non adaptación dos seus Estatutos Sociais á Lei 5/ 98 de Cooperativas de Galicia. Resulta, sen dúbida, un número abafador que distorsiona a realidade das

cooperativas inscritas se non somos capaces de coñecer e aclarar as causas desta situación.

Da totalidade das cooperativas en estado liquidación, só 146 procederon ao nomeamento de liquidadores, co cal podemos extraer as conclusión de que son unha pequena minoría as que en realidade se atopan nun proceso serio e regrado de liquidación.

Que dúbida cabe que sería desexable e clarificador coñecer as causas que levaron a contar cun número tan elevado de cooperativas en liquidación, sen que as mesmas iniciasen formalmente, cando menos en aparencia, o proceso legal que conduza á súa extinción. É máis, case resulta imprescindible ao obxecto de depurar o mapa das cooperativas en Galicia.

O que podemos deducir da situación que reflicte o gráfico é que existe un importante número de cooperativas que se atopan en estado de inactividade, probablemente desde hai tempo. Inactividade en todos os sentidos: tanto no que concirne á súa actividade económica ou desenvolvemento do seu obxecto social como, probablemente, á paralización ou inexistencia na práctica dos seus órganos sociais. Son situacións que conviría coñecer en detalle e onde adoptar as medidas oportunas para resolver dunha forma definitiva unha cuestión pouco ortodoxa.

No apartado anterior, temos que destacar que se atoparán dunha forma máis xeneralizada as cooperativas de traballo asociado e as agrarias, posto que as de vivendas posiblemente responden na súa maioría a outras causas.

Tampouco resulta pouco importante, nin moito menos, o número de cooperativas do mar, dado que tratamos dunha clase que nunca foi especialmente numerosa en comparación con outras, así como as de consumidores e usuariouseas de explotación comunitaria da terra.

Resulta necesario depurar o censo de cooperativas, abordando a situación dunha maneira rigorosa e rápida. Para isotamén resulta importante a averiguación patrimonial das cooperativas que se atopan nesta situación e a razón ou razóns que conduciron a iso.

Como consecuencia destas averiguacións previas, haberían de adoptarse as medidas oportunas para corrrixir o estado rexistral das cooperativas afectadas.

## **1.7. Problemática das disolucións e liquidacións das cooperativas**

Centrarémonos neste estudo na complexidade da liquidación, pola densidade dos trámites necesarios para levala a bo fin e polas diferentes fases que se deben transitar desde a adopción do acordo de disolución ata a adxudicación do haber social e o outorgamento da escritura de extinción e a súa inscrición rexistral.

Débase facilitar, na medida do posible e con todas as garantías para todos os factores intervinientes neste proceso, a liquidación de cooperativas, e iso apunta, probablemente, a modificacións legislativas que vaian nesa dirección e posibiliten a simplificación do proceso.

Ao mesmo tempo, débense abordar problemáticas particulares, como sucede coas cooperativas de vivendas, cuxa liquidación se eterniza en ocasións polo seu especial obxecto e actividade, pola confluencia de diversas normativas de aplicación, e pola súa duración determinada por imperativo legal, oa ter sido eliminada a promoción por fases na Lei de Cooperativas de Galicia. A casuística é rica nesta clase de cooperativas, pero toda ela conduce á mesma conclusión: as súas liquidacións resultan complexas.

Observamos como na actualidade está a tenderse na lexislación autonómica a posibilitar as disolucións e liquidacións simultáneas ou nun só acto, en

determinados supostos, o cal é un avance en todos os sentidos, incluíndo no económico.

Como exemplo, podemos sinalar a Lei de Cooperativas Andaluza, que dispón no capítulo correspondente á disolución da cooperativa que, *sen prexuízo do establecido no presente capítulo, e nos supostos e coas garantías que regulamentariamente se determinen, os acordos de disolución e liquidación poderán ser adoptados nunha mesma Asemblea Xeral, debendo constar tales extremos na orde do día da citada Asemblea.*

Para que a disolución e a liquidación se poidan acordar nunha mesma Asemblea requírese, que:

Que non existan acredores ou que a débeda fose garantida.

A aprobación pola Asemblea do acordo de disolución-liquidación e do balance final e proxecto de distribución (a súa convocatoria deberá publicarse na sede electrónica e no Boletín Oficial da Junta de Andalucía, salvo notificación individual aos socios).

A publicación do acordo e do proxecto na sede electrónica.

Outro tanto ocorre na Comunidade de Madrid, que dispón que:

*Con carácter extraordinario, admitirase a disolución e liquidación simultánea (aprobada nunha única Asemblea Xeral) se se dan todas as seguintes circunstancias:*

- *Que o acordo fose adoptado en Asemblea Xeral Universal de socios.*
- *Que o acordo de disolución, liquidación e extinción fose aprobado por unanimidade.*



- *Que non existan débedas sociais, sen considerar dentro deste concepto os gastos orixinados pola disolución e liquidación (notario, impostos etc.).*

*Neste suposto, deberán cumprirse todos os requisitos aos que se fai referencia no apartado 1 (os xerais), coas seguintes excepcións:*

- 1º** *O acordo de disolución, o balance final e o proxecto de distribución do haber social deberán publicarse no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid e en dous dos diarios de maior circulación da rexión (as publicacións esixidas redúcense de cinco, no procedemento xeral, a tres, na disolución e liquidación simultánea).*

*Os anuncios deberán conter as esixencias previstas tanto para a disolución como para a liquidación-extinción: que a Asemblea Xeral Universal por unanimidade acordase a disolución e liquidación simultánea da Cooperativa, a data do acordo e o proxecto de distribución do haber social. Así mesmo, publicarase o balance.*

*Na escritura deberán constar as datas das publicacións e os diarios en que se efectuaron os anuncios. Ademais, protocolizaranse na escritura, ou, na súa falta, deberán achegarse ao Rexistro as correspondentes publicacións.*

- 2º** *Non sería necesario facer as manifestacións que se derivan do artigo 102. 1 b) e do primeiro inciso do artigo 102.1 c) da Lei 4/1999, xa que quedan implícitas nos requisitos esixidos para a validez da disolución e liquidación simultáneas.*

- 3º** *O balance inicial e final será o mesmo.*

Pois ben, entendemos que, en maior ou menor medida, existen recursos na nosa propia lexislación para abreviar o proceso de disolución e liquidación,

sen chegar ao establecido a modo de exemplo, debido a que existen máis Comunidades que legislan no mesmo sentido, nas normas reproducidas. Pero debemos reflexionar sobre a necesidade de proceder a unha modificación profunda desta materia, facilitando os procesos tanto aos interesados como ao propio Rexistro.

Independentemente do anterior, conviría adoptar decisións en relación ás cooperativas que consta que están en liquidación no rexistro de cooperativas, pero non iniciaron o proceso de liquidación, tal e como se reflicte no gráfico que reproducimos.

## 2. Bibliografía

1. Lei 5/1998, do 18 de de cembro, de cooperativas de Galicia (DOG, n.º 51, do 30 de decembro de 1998).
2. Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. (DOG, n.º 2, do 3 de xaneiro de 2012)
3. Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o egulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia. (DOG, n.º 31, do 12 de febreiro de 2002)





